

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2012.

En Bergondo, a 10 de setembro de 2012 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Local Social de Santa Marta de Babio (Concello de Bergondo).

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).

- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

A instrución nº 1/2012 recibida o 21 xuño de 2012 de Agader e referida ao financiamento dos proxectos, establece que a Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución das solicitudes presentadas seguindo a rigorosa orde de data de recepción das verificacións dos ICES nas sedes dos GDRs e sen ter en conta a puntuación acadada polas mesmas.

Tendo en conta esta instrución, a orde de activación dos expedientes con Informe de Control de Elixibilidade favorable recibida de Agader sería a seguinte:

1º Melloras en Industria de Panadería (Expediente L11-41300-29-0114).

2º Creación empresa agrogandeira comercialización ao por maior de maquinaria agrícola (L11-41300-29-0112)

2.1.1. Melloras en Industria de Panadería. Expediente L11-41300-29-0114.

Con data 20 de xuño de 2011, a promotora M^a Rocío González Mesías solicitou unha axuda para mellorar unha industria de panadería en Carral.

A promotora do proxecto é unha persoa física, dona dunha panadería tradicional en Carral. O marido da promotora tamén traballa nesta actividade como autónomo.

O proxecto consiste na mellora dunha panadería tradicional coa finalidade de consolidar e incrementar a produtividade coa ampliación da produción actual e a oferta de novos produtos como biscoitos e roscóns.

O investimento deste proxecto consiste na adquisición e instalación dun novo forno máis amplo, e con mellores prestacións que o actual e con maior eficiencia enerxética, así como os custos de redacción do proxecto

A promotora non adquire o compromiso de creación de emprego con este proxecto. Os investimentos deste proxecto ascenden a 60.800-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de PEMES

Con data 23 de xullo de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 38 puntos, correspondéndolle un 29 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 17.632.-€ .

A Xunta Directiva acorda aprobar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

2.1.2 Creación empresa agrogandeira comercialización ao por maior de maquinaria agrícola (L11-41300-29-0112)

Con data 20 de xuño de 2011, a entidade promotora “Comercial S.Panete S.L.” solicitou unha axuda para crear unha empresa agrogandeira comercializadora ao por maior de materiais agrícolas.

O representante e xerente da sociedade é bo coñecedor do sector, xa que levan moitos anos no sector gandeiro adicado a importación, venda, instalación e mantemento de salas de muxir e de frío. Con este proxecto se pretende crear unha nave para exposición e venda de material gandeiro, agrícola, ferraxería e xardín, en Betanzos. Os potenciais e principais clientes son os propios gandeiros e agricultores.

Contará cunha ampla exposición de boxes para xatos, muxidoras, tanque de frío e comedeiros de gando, ademais de apeiros de labranza e xardín. Tamén ofrecerá un servizo de asesoramento técnico especializado no sector gandeiro.

Os Investimentos do proxecto consisten na construción da nave. O promotor comprométese a crear 2 empregos a xornada completa, colectivo desfavorecido. Os investimentos deste proxecto ascenden a 304.434,75-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Creación, ampliación e modernización de PEMES.

Con data 01 de agosto de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente. Non obstante, lémbrese que constará coma un dos condicionantes na resolución de concesión de axuda que puidese acadar o expediente, a obriga de que o comercio que realice a empresa sexa exclusivamente ao por maior.

Este proxecto acadou un total de 50 puntos, correspondéndolle un 35 % de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 106.552,16-€ .

A Xunta Directiva acorda aprobar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

2.2. SOLICITUDE DE PRÓRROGA PROXECTOS PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2 SOLICITUDE DE PRÓRROGA PROXECTOS PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.1. Modernización de fábrica de madeiras (L10-41300-29-0034).

Con data 31 de xullo de 2012, a entidade promotora “Vales Coruña S.L.”, solicita unha prórroga na xustificación final do proxecto ata o 31 de agosto de 2012 .

O motivo da prórroga é que está pendente de obter a certificación final de obra.

A Xunta Directiva autoriza a prórroga ata o 31 de agosto de 2012.

2.2.2 Proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo (L10-41300-29-0029)

Con data 07 de agosto de 2012, a entidade promotora “Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña S.C.G.”, solicita unha nova prórroga extraordinaria na xustificación final do proxecto ata o 20 de decembro de 2012 .

O motivo é que está pendente de obter a licenza de apertura da aula. A cooperativa presentou no Concello un proxecto con aclaracións e documentación complementaria. Con data 08 de maio de 2012 informan de que o proxecto ten que ser feito por un arquitecto. Estase neste proceso, ademais de estar pendente de obter o permiso da Consellería.

A Xunta Directiva autoriza a prórroga ata o 20 de decembro de 2012.

Por outra banda, a Xunta Directiva autoriza a utilización de fondos do G.D.R. Mariñas-Betanzos da anualidade 2013, no caso de que non se poida abonar a axuda pendente con cargo aos fondos do G.D.R. Mariñas-Betanzos da anualidade 2012.

2.3 SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DO ORZAMENTO PROXECTOS PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.3.1.Reforma do pavillón para atención integral a persoas con parálise cerebral (ASPACE) (L10-41300-29-0052)

Con data 30 de xuño de 2010, a Asociación de Padres de Alumnos con Parálise Cerebral (ASPACE) presenta na Asociación Mariñas-Betanzos, solicitude de axuda para o proxecto “REFORMA DO PAVILLÓN PARA ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL”.

Con data 26 de abril de 2012, Agader emitiu a resolución de concesión de axuda favorable do proxecto anterior.

Con data 27 de xullo de 2012 o presidente de ASPACE solicita unha modificación da resolución da concesión de axuda por redución do orzamento do expediente.

O motivo da redución é debido a unha modificación do proxecto de obra onde elimínase a planta sótano, o oco das escaleiras e o ascensor, reordenase a zona de aseos, incorpórase unha sala de instalacións e dous vestiarios para o persoal e amplíase un patio descuberto.

Estes cambios non supoñen modificacións do uso previsto, manténdose a distribución establecida no proxecto básico e polo tanto a dotación e capacidade das aulas e servizos complementarios. Estas modificación non van a afectar as condicións de accesibilidade e de seguridade fronte a incendios, nin a viabilidade e finalidade do proxecto.

A redución do orzamento non afecta a baremación do proxecto nin a axuda concedida.

Os investimentos iniciais que figuran na resolución de concesión de axuda ascenden a 799.019,97.- €, e a axuda concedida ascende a 250.000.-€ (porcentaxe de axuda 53,32%)

Os investimentos finais do proxecto ascenderían a 580.467,15-€ e a porcentaxe e o importe de axuda se mantén.

O novo orzamento quedaría do seguinte xeito:

CONCEPTO	Orzamento	PARTIDA	Orzamento	Orzamento	Observacións
	con IVE		presentado con IVE	Aceptado con IVE	
Obra civil		OBRA CIVIL	580.467,15 €	580.467,15 €	IVE elixible
Traballos previos e demolicións	10.292,71		10.292,71	10.292,71	
Movemento de terras e saneamento horizontal	13.794,99		13.794,99	13.794,99	
Cimentación e estrutura	75.782,82		75.782,82	75.782,82	
Albanería e illamentos	80.626,34		80.626,34	80.626,34	
Revestimentos e acabados	101.442,65		101.442,65	101.442,65	
Cubertas	6.122,62		6.122,62	6.122,62	
Carpintería metálica	51.120,89		51.120,89	51.120,89	
Carpintería madeira	25.379,84		25.379,84	25.379,84	
Vidreira	12.051,89		12.051,89	12.051,89	
Fontanería e aparatos sanitarios	13.049,94		13.049,94	13.049,94	
Electricidade e iluminación	55.266,79		55.266,79	55.266,79	
Calefacción	78.448,30		78.448,30	78.448,30	
Ventilación	1.616,62		1.616,62	1.616,62	
Instalación contra incendios	7.090,22		7.090,22	7.090,22	
Pinturas	12.968,60		12.968,60	12.968,60	
Urbanización e xardinería	4.181,00		4.181,00	4.181,00	
Varios	1.347,39		1.347,39	1.347,39	
Control de calidade	7.494,53		7.494,53	7.494,53	
Xestión de residuos de construción e demolición	7.719,71		7.719,71	7.719,71	
Seguridade e Saúde	14.669,30		14.669,30	14.669,30	
TOTAL	580.467,15		580.467,15 €	580.467,15 €	

A Xunta Directiva autoriza a redución do orzamento solicitado.

2.3.2 Modernización cámping Aguiar (Bergondo) (L10-41300-29-0033).

Con data 14 de agosto de 2012 a promotora do proxecto “L10-41300-29-0033 MODERNIZACIÓN CÁMPING AGUIAR (BERGONDO)”, Isabel Pulido Gracia, solicita unha redución do orzamento debido a que moitos investimentos foron feitos persoalmente, outros por menos importe e outros non considera que sexan necesarios facelos nestes intres.

Por outra banda a redución do orzamento non vai afectar a súa finalidade xa que no cámping se fixeron reformas que melloraron as instalacións e que poden asegurar o seu mantemento sobre todo nas épocas do verán.

Con data 14/08/2012 a entidade promotora solicita unha redución nos investimentos iniciais o que daría lugar a unha redución da axuda e a unha modificación da resolución de concesión e que se detalla a continuación:

CONCEPTO	Partida	Orzamento presentado con IVE	Orzamento aprobado Sen IVE	Orzamento certificado	Orzamento final solicitado Sen IVE
Melloras na zona da cafetería e cociña	OBRA CIVIL	186.808,11 €	137.007,03 €	37.920,00 €	46.453,79 €
Melloras na urbanización e Xardinería	Acondicionamento EXTERIOR	34.006,77 €	29.316,18 €	7.722,28 €	7.722,28 €
Bicicletas de montaña (7 unidades)	EQUIPAMENTO	4.000,00 €	3.448,28		1.700,00
Licencia de obra e de apertura	LICENCIAS E PERMISOS	5.330,01 €	5.330,01		1.127,23
Elaboración proxecto.	CUSTOS XERAIS DO PROXECTO.	13.148,60 €	11.335,00	1.004,36	1.155,00
Placa Leader sinalización	Placa sinalización	174,00 €	150,00		150,00
TOTAL		243.467,49 €	186.586,50 €	46.646,64 €	58.308,30 €

Os investimentos iniciais que figuran na resolución de concesión de axuda ascenden a 186.586,50.- € e a axuda concedida ascende a 72.768,74.-€

Os investimentos finais do proxecto ascenderían a 58.308,30-€ e a axuda concedida final sería de 22.740,24.-€ o que supón unha liberación de fondos de 50.028,50.-€.

A nova distribución da axuda por anualidades quedaría do seguinte xeito:

- Anualidade 2011: 18.192,19.-€
- Anualidade 2012: 4.548,05.-€

A Xunta Directiva autoriza a redución do orzamento solicitado e a liberación de fondos.

2.4.SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA DE PROXECTOS DO PROGRAMA LEADER.

2.4.1. Creación punto de venda na explotación (Oza dos Ríos) (L10-41100-29-0028).

Con data 13 de agosto del 2012, Victor Manuel Sánchez Vázquez solicita o cambio de anualidades para a xustificación do proxecto. Na resolución de concesión tiña que xustificar na anualidade 2012 o 75% e na anualidade 2013 o 25 % dos investimentos.

O motivo é que non ten tempo suficiente para realizar os investimentos comprometidos na anualidade 2012 (o contratista non pode executar a obra no tempo acordado).

Por este motivo, solicítase un cambio na distribución das anualidades do seguinte xeito:

Anualidade 2012: 9.750.-€ (porcentaxe de axuda: 39,81%)

Anualidade 2013: 14.738,92.-€ (porcentaxe de axuda: 60,19 %)

Total: 24.488,92.-€

A Xunta Directiva autoriza unha nova distribución por anualidades e liberar os fondos correspondentes ao ano 2012.

2.5.-EXPEDIENTES PENDENTES DE RECIBIR O INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE E QUE LEVAN MÁIS DE DOUS MESES EN AGADER

Tendo en conta o réxime de axudas do Programa Leader onde se establece que o prazo para a verificación do ICE será de dous meses contados dende a data de entrada do expediente no rexistro xeral de Agader e que transcorrido o citado prazo sen pronunciamento expreso entenderase que o ICE foi verificado favorablemente.

Según isto, apróbanse os expedientes que se sinalan a continuación, ao levar xa máis de dous meses en Agader.

Os expedientes que levan máis de dous meses en Agader son os seguintes:

2.5.1 Creación clínica veterinaria en Abegondo (L11-41300-29-0154).

- **Entidade promotora:** FRAGA PIÑEIRO SC EN CONST
- **Descrición:** Creación dunha clínica veterinaria que vaise especializar na atención de cans e gatos ofrecendo ademais un servizo de perruquería. Tamén queren estender o servizo a outras especies animais.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** A obra civil de acondicionamento do local, equipo e instrumental da clínica, utensilios de perruquería, equipamento de oficina e o rótulo publicitario.
- **Importe investimentos:** 45.319,30.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 45%
- **Axuda:** 20.393,69.-€

2.5.2 Acondicionamento de local para exposición, punto venda, degustación e formación (L12-41100-29-0178).

- **Entidade promotora:** CASA POUSADOIRA S.L.
- **Descrición:** O proxecto consiste no acondicionamento dun espazo para adicalo a exposición e venda de produtos agrarios, así como a aula de formación e degustación de produtos agroalimentarios do territorio Mariñas-Betanzos.
- **Emprego:** Non se adquire o compromiso de creación de emprego.

- **Investimentos:** Obra civil da aula, mobiliario, instalación calefacción e equipamento (proxector, frigorífico).
- **Importe investimentos:** 11.500.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 40,83%
- **Axuda:** 4.695,45.-€

2.5.3 Dinamización e diversificación do sector agroforestal. Ampliación servizos no medio rural (L12-41300-29-190).

- **Entidade promotora:** Agroforestal Candal S.L
- **Descrición:** Este proxecto produtivo consiste na mellora e ampliación da empresa de servizos no medio rural, especialmente en materia de aproveitamento forestal e agrogandeiro. Con este proxecto preténdese mellorar os servizos prestados as explotacións forestais e agrogandeiras, especialmente no tratamento e procesado de biomasa
- **Emprego:** Non se adquire o compromiso de creación de emprego.
- **Investimentos:** Trituradora-descachopadora (martelos), desbrozadora-trituradora (de brazo), remolque forestal, tractor con grupo electrógeno móbil, esteladora-fenedora, trituradora de praderías e embolsadora de gran.
- **Importe investimentos:** 273.860,95.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 33,5%
- **Axuda:** 91.743,42.-€

2.5.4. Aforro enerxético na alimentación en explotacións (L12-41100-29-192).

- **Entidade promotora:** CUSOVIAME S.C.G
- **Descrición:** Adquisición dun carro mesturador para a realización das mezclas unifeed nas explotacións agrarias, para deste xeito aforrar custos enerxéticos das explotacións agrarias mediante a compra de maquinaria de xeito conxunto, coa finalidade de optimizar recursos, mellorar as producións e a calidade de vida dos agricultores.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Un carro mesturador.
- **Importe investimentos:** 164.000.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 43,5%
- **Axuda:** 71.340.-€

2.5.5. Ampliación de actividades do Club de Tenis a Pedralba (L11-41300-29-0142).

- **Entidade promotora:** CLUB DE TENIS A PEDRALBA
- **Descrición:** Este proxecto pretende mellorar os servizos existentes de pádel, ademais de crear un ximnasio dotando un local do club co equipamento necesario. Tamén quérese equipar un local, propiedade do club, para adicalo a local social. Deste xeito os asociados disporán dun lugar de reunión e de ocio.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Equipamento do ximnasio, equipamento do local social, instalación de cuberta na pista de pádel.

- **Importe investimentos:** 133.061,94.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 44,92%
- **Axuda:** 59.771,42.-€

2.5.6. Creación empresa de enerxías renovables especializada en enerxía eólica (L11-41300-29-0132).

- **Entidade promotora:** T VENTO INGENIERÍA MINIEÓLICA S.L.
- **Descrición:** O proxecto consistiría na posta en marcha dunha oficina técnica, centro administrativo, de comercialización e de elaboración dos proxectos situada na localidade Espiritu Santo (Concello de Sada) nun local de aluguer. Tamén na creación dunha empresa de elaboración de proxectos e deseño de instalacións fotovoltaicas e de enerxía minieólica, ademais de instalacións de aeroxeradores e placas fotovoltaicas.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego autónomo, colectivo desfavorecido
- **Investimentos:** Mobiliario, equipos informáticos, lizezas software, colocación de lámparas e enchufes no local, ferramentas, vestuario do instalador, anemómetros para medición do vento, postes e mástiles de medición, banderolas de publicidade, dous aeroxeradores demostrativos e a obtención de certificación e patentes dos postes de medición do vento.
- **Importe investimentos:** 39.374,39.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 32,50%
- **Axuda:** 12.796,68.-€

2.5.7. Creación campo de Pitch and Putt en Paderne (L12-41300-29-0162).

- **Entidade promotora:** AS MARIÑAS PICH AND PUTT SOCIEDADE LIMITADA
- **Descrición:** Este proxecto produtivo consiste na construción dun campo de Pitch and Putt no lugar de Chedas na parroquia de Velouzás do Concello de Paderne, coa finalidade de ofrecer un servizo deportivo e de ocio no Concello de Paderne (non existe este servizo no Concello).
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego equivalente a media xornada , colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** Obra civil da construción do campo
- **Importe investimentos:** 210.716,49.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 45%
- **Axuda:** 94.822,42.-€

2.5.8 Implantación dunha empresa de fabricación de pezas de madeira para o sector da carpintería (L11-41300-29-0122).

- **Entidade promotora:** PILAR PRADO SEOANE
- **Descrición:** O proxecto consiste na creación dunha empresa para a fabricación de pezas e elementos de madeira principalmente para o sector da carpintería.
- **Emprego:** Adquírese o compromiso de creación dun emprego.

- **Investimentos:** Construción da nave e na adquisición da maquinaria necesaria para o desenvolvemento da actividade.
- **Importe investimentos:** 297.844.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 43%
- **Axuda:** 120.000.-€

2.5.9. Ampliación empresa forestal en Carral II (L12-41300-29-0160).

- **Entidade promotora:** ANDRÉS SEOANE VILLAVERDE
- **Descrición:** O proxecto consiste en adquirir outro tractor de maior capacidade, cunha grúa de maior tamaño para abordar mais eficientemente a tarefa de limpeza dos ríos.
- **Emprego:** Non se adquire o compromiso de creación de emprego
- **Investimentos:** Adquisición dun tractor
- **Importe investimentos:** 42.000.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 33,5%
- **Axuda:** 14.070.-€

2.5.10. Mellora tecnolóxica e produtiva en industria dedicada á fabricación de mobiliario industrial y comercial (L11-41300-29-0118).

- **Entidade promotora:** ELMADE S.L.
- **Descrición:** O proxecto consiste na ampliación da actividade co obxecto de realizar unha mellora tecnolóxica e produtiva nunha industria adicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial, a través da incorporación de maquinaria cun alto nivel tecnolóxico e de automatización.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego, colectivo desfavorecido.
- **Investimentos:** Mobiliario e maquinaria necesaria para á ampliación da empresa: un centro de traballo CNC, aplacadora de cantos, sistema de retorno, instalación aspiración, instalación eléctrica para a conexión das novas máquinas, equipo informático, e acondicionamento da entreplanta.
- **Importe investimentos:** 329.292.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 26,5%
- **Axuda:** 87.262,38.-€

2.5.11 Nova carpintería innovadora de madeira da comarca (L11-41300-29-110).

- **Entidade promotora:** FERNANDO CARAMÉS GÓMEZ
- **Descrición:** Creación dunha carpintería na parroquia de Requián, no municipio de Betanzos
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo
- **Investimentos:** Adaptación do local, adquisición de maquinaria, vehículo e creación da páxina web.
- **Importe investimentos:** 52.725,18.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 31%
- **Axuda:** 16.344,81.-€

2.5.12 Modernización empresa madeira en Oza dos Ríos(L11-41300-29-0128).

- **Entidade promotora:** HERMANOS GARCÍA ROCHA S.L.
- **Descrición:** Adaptación dunha superficie da nave do proceso de serradoiro, adicada na actualidade ao almacenamento do serrín xerado ao final da cadea do proceso de produción. Esta nova adaptación da superficie adicarase á produción de mangos de madeira (un novo produto).
- **Emprego:** Non adquire o compromiso de creación de emprego.
- **Investimentos:** Obra civil da nave
- **Importe investimentos:** 49.292,42.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 37,5%
- **Axuda:** 18.484,66.-€

2.5.13 Ampliación explotación agraria en Cesuras (L11-41100-29-0130).

- **Entidade promotora:** MARÍA JOSÉ LIRES BLANCO
- **Descrición:** Introducción de variedades tradicionais de árbores frutais (maceiras para sidra, mesa e abeleiras) e de variedades tradicionais de produtos de horta (repolo de Betanzos, cebola chata de Miño, tomate e pementos de variedades locais) nunha extensión de 1,6 Ha
- **Investimentos:** instalación dun invernadoiro, sistema de rega, adquisición de furgoneta para venda directa (nova actividade), un tractor con remolque de segunda man, desbrozadora, material complementario para plantación frutal (postes, estacas, malla...), árbores e plantas plurianuais (froteiras).
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo a media xornada.
- **Importe investimentos:** 20.528,89.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 40%
- **Axuda:** 8.211,56.-€

2.5.14 Dinamización explotación agraria en Vixoi (Bergondo) (L11-41100-29-0124).

- **Entidade promotora:** MARÍA HERMINDA VILLAMIZAR
- **Descrición:** Ampliación das producións e instalacións existentes na actualidade, mediante a adquisición de bens de equipamento e instalación dos medios necesarios para a produción e comercialización directa de legumes, hortalizas, verduras, millo, plantas medicinais, aromáticas e culinarias, pequenos froitos, ecotipos hortícolas e animais locais. Vanse plantar variedades tradicionais: repolo de Betanzos, cebola chata de Miño, tomate e pementos de variedades locais.
- **Investimentos:** Acondicionamento das fincas, instalación de seis invernadoiros e dunha bomba de auga para pozos; instalación e automatización do sistema de rega; adquisición dunha furgoneta de transporte, tractor e remolque hidráulico; arado, cultivador, fresadora, sulfadora, rodillo suspendido, aboadora e unha impresora etiquetadora.

- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo a media xornada colectivo desfavorecido.
- **Importe investimentos:** 79.587,19.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 40%
- **Axuda:** 31.834,88.-€

2.5.15 Modernización dunha horta en Figueroa (L11-41100-29-0136).

- **Entidade promotora:** JOSE ANTONIO GAREA
- **Descrición:** Ampliación das producións coa introdución de variedades tradicionais de produtos de horta en invernadoiros (cebola e repolo de Betanzos; tomate negro de Santiago e abuela de Osedo e leituga de Laracha)
- **Investimentos:** Instalación de dous invernadoiros, sistema de rego, na adquisición dunha furgoneta e motocultor de segunda man e de ferramentas (bombona, bellota, soplete, mango e codo)
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo a media xornada colectivo desfavorecido.
- **Importe investimentos:** 31.410,32
- **Porcentaxe de axuda:** 40% **Axuda:** 12.564,13.-€

2.5.16 Creación centro hípico en Carral (L12-41300-29-0182).

- **Entidade promotora:** ROBERTO ARES MOSQUERA
- **Descrición:** Creación dun novo centro hípico en Carral. Este novo centro vaise adicar ao aluguer de caballerizas, clases de ensino de equitación e aluguer de cabalos para efectuar rutas de sendeirismo.
- **Investimentos:** obra civil do centro hípico, proxecto e dirección de obra, custo das licencias e adquisición do terreo.
- **Emprego:** Adquire o compromiso de creación dun emprego a media xornada colectivo desfavorecido.
- **Importe investimentos:** 175.229,77.-€
- **Porcentaxe de axuda:** 44,25% **Axuda:** 77.539,17.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable destes expedientes, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

2.6 SITUACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES:

2.6.1. Construción e posta en marcha dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira. Expediente L09-41100-29-0024

Con data límite 30 de setembro de 2012, a Fundación Acivega ten que presentar a solicitude de pago final do expediente “L09-41100-29-0024 Construción e posta en marcha dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira”

Ten presentado documentación necesaria para a xustificación final, pero non conta todavía coa licenza de obra, apertura e de actividade e coa inscrición en rexistros sectoriais de bens inscribibles.

A Xunta Directiva autoriza unha prórroga na certificación final do expediente ata o 31 de outubro de 2012.

2.6.2. Creación de restaurante en Velouzás (Paderne). Expediente L10-41300-29-0040.

Con data límite 30 de setembro de 2012, o Refuxio de Paderne S.L. ten que presentar a solicitude de pago da anualidade 2012 do expediente “L10-41300-29-0040 Creación de restaurante en Velouzás (Paderne)”.

Os investimentos a xustificar na anualidade 2012 ascenden a 212.855,34.-€ para o cobro dunha axuda de 84.077,86.-€.

Este proxecto está pendente da financiación allea e non conta con obra executada.

Con data 10 de setembro de 2012, a entidade promotora solicita un primeiro cambio das anualidades na execución do proxecto debido a que a sociedade non conta todavía coa financiación allea e non vai poder executar a obra civil antes da data límite. Quere solicitar un anticipo da axuda e por este motivo necesita contar cun aval bancario.

As novas anualidades quedarían do seguinte xeito:

- Anualidade 2012: 40.000.-€ (solicitude de anticipo- 20% da axuda)
- Anualidade 2013: 87.827,19.-€
- Total: 127.827,19.-€

Ao mesmo tempo, a entidade promotora solicita un segundo cambio das anualidades na execución do proxecto para o caso de que non poida obter o aval bancario necesario para o cobro do anticipo, o que daría lugar a unha liberación dos fondos comprometidos da anualidade 2012. A totalidade dos fondos liberados ascenden a 84.057,86.-€

As novas anualidades quedarían do seguinte xeito:

- Anualidade 2012: 20.-€ (0,0001% de axuda)

- Anualidade 2013: 87.827,19.-€
- Total: 87.827,19.-€

Por outra banda a axuda pendente de concesión por non existencia de fondos e que ascende a 112.152,81 .-€, estarían a espera de disponibilidad de fondos polo grupo.

A Xunta Directiva autoriza a liberación de fondos solicitada pola entidade promotora .

3. OUTRAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS

3.1. XORNADA COOPERACIÓN URBANO-RURAL: OPORTUNIDADES E RETOS.

Enmarcada na rolda de debates previos ao Congreso de Desenvolvemento Rural e LEADER “Horizonte 2014-2020” que se celebrará entre o 7 e o 9 de novembro en Santiago de Compostela. As conclusións desta xornada servirán para abrir o debate neste congreso sobre a cooperación urbano-rural.

O medio rural está a prestar servizos ao entorno urbano (emprego, alimentación, subministro enerxético, medioambiente, lecer, etc.), que precisan ser fortalecidos, nalgúns casos reformulados, así como identificar aqueles outros que poden ser precisos na nova conxuntura e período de programación da Política Agraria Común (2014-2020). Acadar sinerxías entre o medio rural e as demandas xurdidas dende o espazo urbano é un reto para este novo período, e así xa se sinala no borrador do novo Regulamento FEADER, onde se identifica como prioridade para o desenvolvemento rural as actividades de promoción en contextos locais, desenvolvendo cadeas de distribución curtas e fomentados os mercados locais.

Celebrarase o día 20 de setembro de 2012 a partir das 10 horas no Centro de Innovación do Concello de Arteixo.

3.2. CONGRESO ESTATAL: INNOVACIÓN NO MEDIO RURAL.

Este congreso enmarcase na estratexia de colaboración impulsada pola Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Rede Estatal de Desenvolvemento Rural, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente e a Consellería de Medio Rural e o Mar da Xunta de Galicia.

Celebrarase os días 11 e 12 de setembro no Pazo de Mariñán en Bergondo.

As conclusións deste Congreso formarán parte dos debates previos ao Congreso de Desenvolvemento Rural e LEADER “Horizonte 2014-2020” que se celebrará en Santiago de Compostela entre os días 7 e 9 de novembro de 2012 en Santiago de Compostela.

3.3. SEMANA DA CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO.

Organizada conxuntamente coa Fundación Fragas do Mandeo, para os días 27, 28 e 29 de setembro de 2012.

3.4. RESOLUCIÓN AXUDA SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN DENTRO DO PROGRAMA INICIATIVA XOVE.

A Asociación “Mariñas – Betanzos” ten solicitado unha axuda dentro do Programa Iniciativa Xove, para a realización de proxectos por asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á mocidade e as súas respectivas federacións así coma grupos informais de mozos e mozas.

Con data 5 de setembro de 2012, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos a resolución favorable onde se concede á Asociación a axuda solicitada de 4.000 euros para o proxecto **“Oportunidades de emprego no medio rural para a xuventude das Mariñas”**.

4. ROGOS E PREGUNTAS

4.1.1. Proxectos aprobados pola Xunta Directiva e pendentes de activar

Coa liberación de fondos do proxecto “L10-41300-29-0040 Creación de restaurante en Velouzás (Paderne) e os fondos liberados pola asociación debido a unha menor execución dos promotores, a Xunta Directiva autoriza a súa distribución entre proxectos con Informe de Control de Elixibilidade favorable xa aprobados previamente

Tendo en conta a orden de chegada dos ICES favorables de Agader e tamén a execución dos investimentos, o proxecto “L11-41300-29-0092 Fabricación de cadros eléctricos especiais para suministro eléctrico absorbería os fondos sobrantes da medida 413.

Por outra banda os fondos da medida 411 liberados por outros proxectos serían absorvidos polo proxecto “L11-41300-29-120 Ampliación empresa servizos forestais en Tabeaio”.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.00 horas..

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.00 horas.

En Bergondo, a 10 de setembro de 2012

A Secretaria

Asdo.: Concepción Lema Torre

Vº e praxe Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes